

XORNADA SOBRE A EXCLUSIÓN FINANCEIRA: A CONTA DE PAGO BÁSICA E O SOBREENDEBAMENTO FINANCEIRO

(17 de novembro de 2021, Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública- EGAP)

A Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social, en colaboración co Instituto Galego do Consumo e da Competencia- Escola Galega do Consumo, vai a desenvolver esta xornada sobre a exclusión financeira, co fin de dar a coñecer as características de determinados produtos e servizos financeiros.

O Real decreto 164/2019 establece un réxime gratuíto de contas de pagamento básicas en beneficio de persoas en situación de vulnerabilidade ou con risco de exclusión financeira máis vantaxoso en materia de comisións. Cando a persoa que se atopa nesta situación non dispón da documentación que se sinala no real decreto, poderá achegar un informe emitido polos servizos sociais do concello no que se indique a idoneidade para o acceso gratuíto a unha desas contas.

Tamén se darán a coñecer cuestións relacionadas cos créditos ao consumo, para coñecer os dereitos que temos como persoas consumidoras ante ditas contratacións e así ter a información precisa para elixir a oferta que resulte máis axeitada; así como, coñecer os dereitos e obrigas que conlevan as tarxetas revolving, co fin de acceder a estas nas mellores condicións posibles.

Lugar de celebración

Santiago de Compostela. Escola Galega da Administración Pública- EGAP (Aula 5-6). Rúa de Madrid, 2.

Data e horario

17 de novembro do 2021, dende as 10,00 h ás 14 horas.

Persoas destinatarias

Profesionais dos servizos sociais comunitarios municipais de intervención directa, da área social da Administración autonómica e das entidades de iniciativa social.

Número de prazas

65.

Inscrición na xornada

As persoas que desexen participar na xornada, solicitarán a súa inscrición remitindo ao enderezo electrónico sxinclusion.dxis@xunta.gal os seguintes datos:

- nome a apelidos e DNI/NIF
- centro de traballo no que presta servizos e posto que desempeña

A selección será realizada pola Subdirección Xeral de Prestacións e Programas de Inclusión por orde de recepción das solicitudes.

*para calquera aclaración pode consultar ao teléfono 881-99-54-57 ou 981-540269

Obxectivos

- Formar aos/ás profesionais de servizos sociais que traballan coas familias, en cuestións relativas coa exclusión financeira para que dean información, formación e asesoramento ás familias en situación de vulnerabilidade coas que traballan.
- Reforzar o acceso das persoas con escasos recursos a unha conta bancaria básica, sen obrigas de pago asociada por comisións; e os créditos ao consumo e as tarxetas revolving nas mellores condicións.
- A metodoloxía combinará a charla formativa-participativa coa realización de actividades e prácticas.

Contido temático

- A conta de pago básica.
- O sobreendementamento financeiro: créditos ao consumo e tarxetas revolving.

**ver programa completo no arquivo que se xunta*

Organizan

- Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social
- Instituto Galego do Consumo e da Competencia- Escola Galega do Consumo